



C.E.P. PLURILINGÜE

DE RIOMAIOR



PAD

Curso 2016-2017



Contido

1. Xustificación e marco legislativo	3
2. Identificación e valoración das necesidades.....	7
3. Obxectivos.....	9
4. Actuacións e medidas para a atención a diversidade.....	10
5. Criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.	11
6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro	23
7. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición	25
8. Canles de coordinación internas e externas	26
9. Seguimento e avaliación do PAD.....	27
9. Actualización do PAD do curso 2016/17	28
10. Anexos.....	30

1. Xustificación e marco legislativo

No Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por **atención á diversidade** o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Entre os **principios** nos que se inspira o sistema educativo español, recollidos no art.1 da Lei orgánica 2/ 2006, do 3 de maio, de educación- LOE (BOE 04/ 05/ 2006), modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa- LOMCE (BOE 10/12/2013), destácanse, **en relación á atención á diversidade**, os seguintes: “a equidade, que garante a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de calquera tipo de discapacidade” e “a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimenta o alumnado e a sociedade”. No marco do Decreto 229/2011, concrétese que a atención á diversidade rexeráse polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

Na citada Lei orgánica, no art. 71 do Título II - Equidade na Educación, establécese que corresponde as administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria (**alumnado con necesidade específica de apoio educativo**), por presentar necesidades educativas especiais (discapacidade ou trastornos graves de conduta), por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH (Trastorno por Déficit de Atención con Hiperactividade), polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

No marco do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, sinálanse entre **as actuacións e medidas de atención á diversidade da Administración educativa**, garantir unha adecuada e equilibrada escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, realizar a dotación de recursos necesarios, adecuar os centros docentes en materia de accesibilidade e impulsar accións, medidas e programas, así como a formación de todo o profesorado na atención de este alumnado. Recóllense, así mesmo, neste Decreto, entre **as actuacións e medidas de atención á diversidade dos centros docentes**, adecuar a resposta educativa á diversidade; tomar as decisións e adoptar as medidas que optimicen a acción educativa; concretar principios de atención á diversidade

nas decisión de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro; deseñar e desenvolver accións preventivas, medidas e actuacións e optimizar a organización dos recursos do centro para dar resposta ás necesidades de todo o alumnado e, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo; potenciar a acción tutorial e orientadora, así como a participación en actividades de formación e innovación por parte de todo o profesorado, no ámbito de atención á diversidade, e promover a implicación das familias no proceso educativo.

Neste sentido, nos respectivos *Decretos polos que se regulan as distintas ensinanzas do sistema educativo*, sinálase que no caso de detectarse dificultades de aprendizaxe, os centros deberán poñer en funcionamento as medidas de atención á diversidade que se consideren máis convenientes ás características do seu alumnado e que poden ser tanto organizativas como curriculares.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento no que se articula a forma de atención á diversidade (recollida no Proxecto educativo de cada centro) á que se refire o *artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, modificada pola Lei orgánica 8/2013 e o artigo 10 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro*. Neste Plan **concrétanse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que o centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado**.

O DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, expresa que a diversidade é unha realidade social e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada unha das profesoras e dos profesores, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto. E a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na personalización da educación de cada unha das alumnas e alumnos, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de forma autónoma, nunha sociedade democrática.

Sabemos que nas aulas de todos os colexios non existe un alumnado tipo. Cada neno/a é único e singular e, en consecuencia, así debe ser considerado á hora de planificar e poñer en marcha o complexo proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Educación na diversidade esixe asumir e explotar o seu papel enriquecedor: ensinar a cada alumno/a segundo as súas características e peculiaridades, establecer os mecanismos e empregar os recursos que permitan o acceso ao currículo á totalidade do alumnado, dar as respostas educativas que compensen as desigualdades derivadas das circunstancias individuais, pensar nun currículo aberto, recoñecer e valorar as distintas culturas e orixes, implicar a toda a comunidade educativa, poñer a disposición do alumnado todos os medios posibles, rexerse polos principios de inclusión e normalización, etc.

En consecuencia, a atención á diversidade debe contemplar actuacións para a totalidade do alumnado, establecendo criterios para os apoios e considerando a dotación

de recursos. E sendo isto necesario para a totalidade do alumnado, máis nos casos daquel que presenta necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou unhas condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables.

*Este **Plan Xeral de Atención á Diversidade** é, pois, o documento en que se articula a atención á diversidade a que se refire o artigo 121.2 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. Nel concrétanse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que o CEP Plurilingüe de Riomaioir diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.*

1.1. CONCEPTO DE ATENCIÓN EDUCATIVA Á DIVERSIDADE

Educación na diversidade non é nin máis nin menos que recoñecer as diferenzas existentes entre as persoas e desde esta perspectiva entender que o que pode ser aceptable para persoas con determinadas características pode ser tamén bo para todas as persoas. Supón, en definitiva, pensar nunha escola para todos, que fai súa a cultura da diversidade e que nos sitúa nun marco de calidade non excluínte para ninguén.

Concíbese, xa que logo, a atención educativa á diversidade como o *conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.*

A atención ao alumnado, considerado con necesidade específica de apoio educativo debe axustarse, entre outros, aos principios de normalización de servizos, de flexibilidade na resposta educativa, de prevención e de atención personalizada.

Esta concepción da atención á diversidade como *sistema de medidas interdependentes*, implica unha nova cultura pedagóxica baseada en :

1. **Currículo comprensivo.** Centrado na resolución de problemas próximos ao alumnado, favorecedor de aprendizaxes significativas.
2. **Reprofesionalización do profesorado.** O novo reto do profesorado é deseñar as situacións de ensinanza-aprendizaxe para o éxito escolar de todo o alumnado.
3. **Interacción e heteroxeneidade** como estrutura organizativa escolar. Facilitadora das novas prácticas metodolóxicas, baseadas na interacción cooperativa, heteroxeneidade de agrupamentos e actuacións do profesorado como mediadores-facilitadores do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
4. **Traballo solidario e cooperativo** entre profesionais. A atención á diversidade esixe unha coordinación da acción docente, pensando en termos de equipos educativos.

5. **Participación da familia e da comunidade escolar.** Como recurso e apoio, como colaboradores de pleno dereito que, desde unha perspectiva diferente e con estratexias diferentes, deben contribuír no proceso educativo ao pleno desenvolvemento das competencias do alumnado.

1.2. PRINCIPIOS E VALORES:

A atención á diversidade no CEP Plurilingüe de Riomaioir rexeráse polos principios de:

- ↪ A diversidade como riqueza e oportunidade para aprender xuntos todos e todas.
- ↪ *Respecto ás características persoais, facendo efectivo o dereito á diferenza como valor persoal e social.*
- ↪ *Normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía do Centro e participación de toda a comunidade educativa.*
- ↪ *Crenza nas capacidades de todo o alumnado.* Partindo das mesmas e non das discapacidades e dificultades e intentando reducir todas as barreiras de aprendizaxe.
- ↪ *Atención á diversidade como un **continuo** de medidas de tipo organizativo e curricular dirixidas á totalidade do alumnado;* as devanditas medidas deberán ir das máis xerais de **tipo preventivo e de detección temperá** ata aquelas dirixidas ao alumnado con necesidades educativas específicas, pasando polo alumnado estranxeiro e o que presente altas capacidades, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa e, de ser o caso, doutras administracións ou entidades sen ánimo de lucro.
- ↪ *Cultura de colaboración entre todos os membros da comunidade escolar: **colaboración e cooperación** de todo o alumnado entre si, do profesorado e das familias.*
- ↪ *A resposta á diversidade é responsabilidade **de todo o profesorado** e a intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.*
- ↪ *Prioridade coas medidas de carácter ordinario e normalizador dende criterios de flexibilidade organizativa e metodolóxica.* As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
- ↪ *As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención no CEP Plurilingüe de RIOMAIOR.*
- ↪ *O deseño destas actuacións competen ao Departamento de Orientación mantendo a **coherencia e interrelación** entre todos os plans do Centro: PEC, PAT, PLAN TICS, PLAN DE CONVIVENCIA, PROXECTO LINGÜÍSTICO, ...*

2. Identificación e valoración das necesidades.

O CEP Plurilingüe de Riomaioir escolariza alumnado da primeira etapa obrigatoria do ensino, isto é, alumnado comprendido entre os 6 e os 12 anos de idade, distribuídos en 8 unidades puras e unha plantilla de 16 profesores.

Entre as características sociofamiliares do alumnado destaca a participación nas propostas feitas dende a escola, a presenza dunha ANPA activa e unha porcentaxe, próxima ao 10%, de alumnado procedente, ben do estranxeiro ou con mediación dos servizos sociais do Concello. O clima de convivencia no centro é, polo xeral, aberto, comunicativo e positivo e as relacións entre o alumnado, familias e profesorado é fluída e cun carácter cordial. Entre as actividades pedagóxicas desenvolvidas ao longo da historia do centro, destacan a realización de diferentes propostas intergrupais e participación en proxectos innovadores, o que facilita a atención á diversidade e a inclusión persoal e social do alumnado.

O Plan de Atención á Diversidade dun centro é unha actuación global que implica a toda a Comunidade Educativa e moi especialmente ao profesorado do mesmo, a quen lle corresponde a responsabilidade de ofrecer a resposta educativa máis adecuada a o alumnado, integrando e coordinando os diversos recursos, programas, accións e medidas. A identificación e valoración de necesidades é o punto de partida para a elaboración do Plan, e contempla a información e a reflexión sobre as características e posibilidades educativas do contorno no que se sitúa o centro, a análise do propio centro e do equipo docente (en relación ao proceso de ensino aprendizaxe e á mellora da convivencia), así como da realidade social da familias que integran a comunidade educativa e das necesidades máis relevantes do alumnado

Na identificación e valoración de necesidades cobra especial importancia a **Avaliación Inicial de necesidades** que abrangue diferentes ámbitos de intervención: Avaliación a nivel institucional, no marco do centro educativo e na propia aula, e Avaliación a nivel individual.

- ❖ **A nivel de centro:** O profesorado do centro esta implicado en dous proxectos de formación relacionados co proceso de ensino aprendizaxe: tratamento integrado de linguas e programación LOMCE, portfolio europeo de lingua e están solicitados varios proxectos de innovación do Plan Proxecta. As medidas de atención a diversidade do centro (ACS, reforzos nas aulas e individualizados ...) continúan neste curso dando resposta as novas necesidades detectadas.
- ❖ **A nivel de aula:** desenvólvese por medio da avaliación inicial dos coñecementos previos do grupo (a través de probas de propia elaboración, cuestionarios, produtos escolares...), avaliación de proceso e final (a través de rexistros planificados, autoavaliación, rúbricas, observación...), avaliación da propia programación (planificación escolar, flexibilización, recursos, ...), da metodoloxía (tipos de procesos implicados- activos, construtivistas, significativos e funcionais-

emprego das tecnoloxías da información e da comunicación...), dos procesos relacionais (aprendizaxe cooperativa, mediación, interaccións entre estudantes...) e das medidas de apoio específicas (reforzos, adaptacións do currículo...)

- ❖ A nivel individual: recóllese información do nivel de competencia curricular de cada alumno e alumna e dificultades observables (procesos de lectura, escritura, cálculo...), aspectos emocionais e de motivación, estratexias cognitivas e metacognitivas.

Neste proceso de análise de información relativa ao alumnado de nova incorporación colabora estreitamente o departamento de orientación en coordinación con todos os axentes implicados na súa atención, nos ámbitos educativo, familiar, evolutivo e médico e asistencial, responsabilizándose, de ser o caso, do desenvolvemento do proceso de Avaliación Psicopedagóxica. Será tamén función do departamento de orientación facilitar o asesoramento para a súa posta en marcha, seguimento e axuste destas medidas ao longo do curso. Darase resposta, así mesmo, á necesidade de coordinación nas actuacións entre os distintos centros da zona (CRA de Vilaboa e CEPI Toural). Farase fincapé no estreitamento das comunicacións escola e familia dende as primeiras etapas educativas, como medida de prevención e detección de dificultades.

As necesidades detectaranse a través da revisión das memorias do PXA, do Departamento de Orientación, das propostas da CCP e das avaliacións iniciais desenvolvidas polos mestres titores así como polas súas observacións. A partires destas avaliacións e observacións a atención educativa ao alumnado farase partindo dunha análise das necesidades no Departamento de Orientación e conseguinte proposta ao Equipo Directivo.

Informarase á familia das medidas tomadas no Centro respecto da detección de necesidades así como das xa tomadas para paliar e mellorar, na medida do posible, estas necesidades, solicitando, así mesmo, a súa colaboración para traballar o máis coordinados posible con este alumnado, desde todos os ámbitos posibles.

3. Obxectivos

Os obxectivos xerais que se queren acadar con este plan son:

- Consolidar a coordinación, a reflexión, a planificación e a toma de decisións compartidas (de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión de centro), por toda a comunidade educativa, como principios fundamentais nos que sustentar a resposta educativa ao conxunto de todo o alumnado do centro.
- Server de referente criterial para que o centro poida concretar anualmente o axuste da resposta educativa ás necesidades que presenta o alumnado.
- Unificar procedementos de actuación na detención temperá das dificultades de aprendizaxe por razóns de índole persoal e/ou social, e deseñar e poñer en práctica accións preventivas do absentismo e abandono escolar, colaborando entre os distintos ámbitos de intervención (familiar, escolar, médico e comunitario).
- Planificar e desenvolver actuacións e medidas de atención á diversidade no centro, que optimicen a acción educativa, fixando as condicións e recursos para a súa aplicación, coa finalidade de que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, intelectual e social, a través da mellora do proceso de ensino- aprendizaxe e da convivencia no centro, potenciando a inclusión educativa e a adaptación escolar.
- Sensibilizar ao alumnado no respecto á diversidade e de forma concreta no respecto a aqueles alumnos/as que presentan necesidades específicas de apoio educativo.
- Establecer as medidas e pautas a seguir no centro para a acollida e inclusión do alumnado de nova incorporación, facilitando o tránsito entre etapas educativas.
- Guiar a concreción de criterios para priorizar a resposta educativa á diversidade dentro da aula ou, de xeito complementario, fóra da aula, de maneira preferentemente grupal, coa acción coordinada dos distintos profesionais que interveñen con este alumnado: o profesorado titor, profesorado que imparte reforzo (con docencia no propio grupo e/ou outro profesorado con dispoñibilidade horaria), xefatura do departamento de orientación, profesorado especialistas (pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe).
- Potenciar a acción titorial e orientadora e a formación e innovación do profesorado no ámbito da atención á diversidade, sensibilizándoos en aspectos relacionados coa flexibilización curricular e axuste de respostas á diversidade do alumnado.
- Potenciar a participación activa das familias en relación ao proceso educativo, deseñando e unificando procedementos e recursos documentais para a avaliación de necesidades e a transmisión da información e sensibilizalos no respecto á diversidade.

- Establecer criterios e procedementos (de carácter cualitativo e cuantitativo) que guíen a avaliación interna na Atención á Diversidade (en relación á eficacia das actuación e medidas desenvolvidas no centro para dar resposta á diversidade), realizando o seguimento e proposta de mellora ao finalizar cada curso escolar.

4. Actuacións e medidas para a atención a diversidade

As medidas de atención á diversidade partindo do Decreto 229/2011 poderán ser de carácter ordinario e extraordinario como as detalladas a continuación:

○ **Medidas ordinarias:**

- a) *Adecuación da estrutura organizativa do Centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.*
- b) *Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado, incluíndo actividades que confiren identidade ao noso centro, como a Semana Cultural, o proxecto Voz Natura, o Salón do Libro ou as propostas de dinamización desde a Biblioteca Escolar a través do Plans Anuais de Lectura.*
- c) *Metodoloxías baseadas no traballo colaborador en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, tarefas multinivel, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.*
- d) *Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación, deseñados pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e Equipos de Ciclo.*
- e) *Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.*
- f) *Programas de enriquecemento curricular, nos que incluímos o Proxecto Plurilingüe e o Plan TIC así como o tratamento integrado das linguas.*
- g) *Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.*
- h) *Programas de recuperación.*
- i) *Programas específicos personalizados.*
- j) *Programas de habilidades sociais e emocionais.*

○ **Medidas extraordinarias.**

a) *Adaptacións curriculares.*

b) *Agrupamentos flexibles.*

c) *Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.*

d) *Flexibilización da duración do período de escolarización.*

e) *Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao Centro.*

f) *Grupos de adaptación da competencia curricular.*

5. Criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.

Coa fin de por en marcha e axustar as medidas educativas ás necesidades do alumnado, o centro establece procedementos entre os axentes implicados (Xefatura de Estudos, equipos docentes, profesorado titor e membros do departamento de orientación, que actúan en colaboración coa familia e outros servizos e profesionais externos ao centro implicados directamente na atención do alumnado

Ao remate de cada curso e na avaliación final rexístrase información sobre as necesidades detectadas nos grupos de alumnos/as, aportadas polos distintos profesionais que interveñen co alumnado (en especial do profesorado titor, o departamento de orientación, as coordinacións coa familia e especialistas externos ao centro que interveñen co alumnado)

No mes de setembro a xefatura do departamento de orientación en colaboración co profesorado especialista (pedagogía terapéutica/ audición e linguaxe), a xefatura de estudos e os equipos docentes revisarán os informes finais de todo o alumnado de nova incorporación, así como do alumnado que recibiu algún tipo de medida de atención á diversidade o curso anterior. Os axentes implicados, complementarán a información coa avaliación inicial, e a partir da identificación e valoración de necesidades levada a cabo na mesma. Neste mes, tendo en conta os recursos materiais e persoais cos que vai a dispor o centro, establecerán actuacións prioritarias e concretarán as medidas de atención á diversidade. Dita proposta formará parte da programación xeral anual.

Naqueles casos no que o alumnado se escolarice durante o curso, realizaráselle unha avaliación inicial por parte do equipo de profesorado. Se detectan graves carencias no seu

proceso de aprendizaxe, derivarase ao departamento de orientación para a realización dunha avaliación psicopedagóxica coa finalidade de identificar as necesidades educativas e poder establecer as medidas máis axeitadas.

Para conseguir a optimización dos recursos, é necesario unificar criterios de actuación entre o profesorado que intervén no proceso educativo do grupo, clarificando as funcións que corresponden ao titor/a, ao equipo de profesores e, se é o caso, ao profesorado de apoio. O alumnado que por razón das súas necesidades específicas de apoio educativo, así o requira, recibirá, ademais da atención directa por parte dos profesores do grupo no que se integra, a axuda, do profesorado de apoio na propia aula, ou doutro profesorado do centro con dispoñibilidade horaria. Excepcionalmente, en función das necesidades do alumnado e das adaptacións curriculares establecidas, poderanse facer intervencións diferenciadas, debidamente temporalizadas, fóra da aula. As intervencións específicas, levadas a cabo polo especialista de pedagogía terapéutica/ audición e linguaxe, realizaranse naqueles casos de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, contando co informe previo da xefatura do departamento de orientación.

Distribución dos grupos-clase

Intentarase que a distribución nos grupos dos diferentes cursos se realice de xeito heteroxéneo, baseándose nos criterios que se establezan no centro, tales como:

- Elección da materia de relixión ou valores éticos.
- Número de alumnado con adaptación curricular.
- Número de alumnado con reforzo educativo.
- Alumnado repetidor.
- Problemática de adaptación ou de integración.
- Xénero.

No Departamento de Orientación elaboraranse as propostas de Atención á Diversidade que serán levadas ao Equipo Directivo para a súa posta en práctica.

CRITERIOS ORDINARIOS ORGANIZATIVOS

1. COORDINAR A ACTUACIÓN DOS DIFERENTES PROFESIONAIS	
<i>XUSTIFICACIÓN</i>	<i>Necesidade de coordinación entre o profesorado e o Equipo de Orientación.</i>
<i>DESCRICIÓN</i>	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Potenciación dos equipos docentes desde a organización e funcionamento (Comisión de Coordinación Pedagóxica, sesións de Avaliación,</i>

	<i>coordinación dos Titores de Ed. Infantil do CRA de Vilaboa cos titores do 1º Ciclo de Ed. Primaria, coordinación do/a titor/a dun grupo co/a titor/a do anterior, Reunións do profesorado co Departamento de Orientación, coordinación co Departamento de Orientación do CPI Toural , especialmente na planificación da transición de primaria á ESO ...).</i>
<i>FINALIDADE</i>	<i>Favorecer a coordinación entre os diferentes profesionais.</i>
<i>DESTINATARIOS</i>	<i>Profesorado do centro</i>
<i>RESPONSABLES</i>	<i>Xefatura de Estudos, Titores, Profesorado especialista, Orientadora.</i>
<i>TEMPORALIZACIÓN</i>	<i>Durante todo o curso escolar.</i>
<i>SEGUIMIENTO e REVISIÓN</i>	<i>Revisión anual.</i>
<i>RECURSOS</i>	<i>Actas de reunións Dpmt. Orientación e CCP.</i>

2. ORGANIZAR O USO DOS ESPAZOS E RECURSOS MATERIAIS

<i>XUSTIFICACIÓN</i>	<i>Necesidade de organizar o uso dos espazos e os recursos, mantendo aulas especializadas que potencien o desenvolvemento de programas personalizados de apoio.</i>
<i>DESCRICIÓN</i>	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Manter e optimizar os espazos para INGLÉS, MÚSICA, PLÁSTICA, ORIENTACIÓN, BIBLIOTECA, INFORMÁTICA, LABORATORIO, ED. FÍSICA, APOIO, USOS MÚLTIPLES e RELIXIÓN CATÓLICA, flexibilizando o seu uso.</i> • <i>O material común estará centralizado en espazos coñecidos para que poida ser utilizado por todo o profesorado.</i> • <i>Dotarase a cada aula de material pedagóxico variado, asegurando a accesibilidade ao mesmo por parte de todo o profesorado e alumnado.</i>

<i>FINALIDADE</i>	<i>Posibilitar que os espazos e recursos comúns poidan ser utilizados por todo o profesorado e alumnado.</i>
<i>DESTINATARIOS</i>	<i>Profesorado e alumnado do centro</i>
<i>RESPONSABLES</i>	<i>Da organización dos horarios a Xefa de Estudos e do material común a totalidade do profesorado.</i>
<i>TEMPORALIZACIÓN</i>	<i>Durante todo o curso escolar.</i>
<i>SEGUIMIENTO e REVISIÓN</i>	<i>Seguimento trimestral e revisión anual.</i>
<i>RECURSOS</i>	<i>Elaboración dun calendario de uso, de cadros de horarios semanais e solicitudes a entidades correspondentes.</i>

3. ADECUAR A ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO

<i>XUSTIFICACIÓN</i>	<i>Necesidade de determinar as estratexias de organización.</i>
<i>DESCRICIÓN</i>	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Distribución e agrupamento do alumnado priorizando a heteroxeneidade nos grupos, cunha ratio equilibrada en canto a número de alumnos, nivel curricular, con NEAE e outros factores que Titores/as, DO e Xefatura de Estudos consideren relevantes para o mellor desenvolvemento curricular dos grupos-clase.</i> • <i>Flexibilidade nos horarios, prevendo o traballo de máis dun profesor nun mesmo grupo-clase.</i> • <i>Ordenación flexible dos espazos, que permitan autonomía, cambio das dinámicas de traballo, variedade de recursos, ...</i> • <i>Considerar o perfil profesional do profesorado co obxecto de optimizar as habilidades profesionais á hora do deseño de intervencións na aula ou no coñecemento dos grupos. e a relación establecida con eles.</i>

<i>FINALIDADE</i>	<i>Favorecer a interacción e cooperación entre o alumnado con diferentes capacidades, intereses e estilos de aprendizaxe.</i>
<i>DESTINATARIOS</i>	<i>Profesorado do centro.</i>
<i>RESPONSABLES</i>	<i>Xefatura de Estudos, Titores, Profesorado especialista, Departamento de Orientación.</i>
<i>TEMPORALIZACIÓN</i>	<i>Durante todo o curso escolar.</i>
<i>REVISIÓN</i>	<i>Revisión anual.</i>
<i>RECURSOS</i>	<i>Actas de reunións de DO e CCP.</i>

4. GARANTIR DIFERENTES ORGANIZACIÓNS SOCIAIS NA AULA

<i>XUSTIFICACIÓN</i>	<i>Necesidade de mellorar a organización da aula para adecuala ás características do alumnado.</i>
<i>DESCRICIÓN</i>	<p><i>Esta organización da aula permite traballar actividades de aprendizaxe individuais ou grupais, nas que existe interacción entre pares e na que ambos se enriquecen baixo as seguintes modalidades:</i></p> <ol style="list-style-type: none"> <i>1. Tutoría entre iguais.</i> <i>2. Pequeno grupo colaborativo.</i> <i>3. Traballo en equipo.</i> <i>4. Agrupamentos flexibles.</i> <i>5. Traballo por recantos e obradoiros.</i> <i>6. Traballo por proxectos.</i>
<i>FINALIDADE</i>	<i>Adecurar a estrutura da aula ordinaria para que axude a responder ás diferenzas na aprendizaxe.</i>
<i>DESTINATARIOS</i>	<i>Profesorado do centro</i>

RESPONSABLES	<i>Xefatura de Estudos, Titores, Profesorado especialista, Departamento de Orientación.</i>
TEMPORALIZACIÓN	<i>Durante todo o curso escolar.</i>
SEGUIMIENTO e REVISIÓN	<i>Seguimento trimestral e revisión anual.</i>
RECURSOS	<i>Actas de reunións do DO e CCP.</i>

CRITERIOS ORDINARIOS CURRICULARES

1. ORGANIZAR OS CONTIDOS CON CARÁCTER INTERDISCIPLINAR	
XUSTIFICACIÓN	<i>Necesidade de adecuar as programacións didácticas ao contorno socioeducativo e ao alumnado.</i>
DESCRIBIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Os obxectivos e contidos deben entenderse como propostas indicativas e referenciais, máis que como metas onde chegar. OX Primaria</i> • <i>Contidos organizados a partir de Unidade didácticas Integradas que recollan as distintas intelixencias múltiples, así como tamén actividades de centro como por exemplo, a participación na Semana Cultural, no Salón do Libro ou as propostas de dinamización desde a Biblioteca Escolar, dende EDLG e o do grupo TIL.</i>
FINALIDADE	<i>A aprendizaxe construtivo-significativa, partindo da consolidación do saber anterior.</i>
DESTINATARIOS	<i>Alumnado do centro</i>
RESPONSABLES	<i>Comisión de Coordinación Pedagóxica e claustro.</i>
TEMPORALIZACIÓN	<i>Ao longo do curso escolar.</i>



SEGUIMIENTO e REVISIÓN	Seguimento trimestral e revisión anual.
RECURSOS	Recursos materiais e espazos adecuados.

2. METODOLOXÍA DIDÁCTICA	
<i>XUSTIFICACIÓN</i>	<i>Necesidade de adecuar a metodoloxía ao contorno e ao noso alumnado, cun enfoque construtivista e globalizador.</i>
<i>DESCRICIÓN</i>	<ul style="list-style-type: none"> <i>Metodoloxías baseadas no traballo cooperativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, tarefas multinivel, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.</i>
<i>FINALIDADE</i>	<i>Que a aprendizaxe significativa se converta no eixo metodolóxico a partir do principio de inclusión.</i>
<i>DESTINATARIOS</i>	<i>Alumnado do centro</i>
<i>RESPONSABLES</i>	<i>Comisión de Coordinación Pedagóxica, Xefatura de Estudos, Departamento de Orientación e equipo docente.</i>
<i>TEMPORALIZACIÓN</i>	<i>Ao longo do curso escolar.</i>
SEGUIMIENTO e REVISIÓN	<i>Seguimento trimestral e revisión anual.</i>
RECURSOS	<i>Recursos materiais e espazos adecuados.</i>

3. AVANZAR NO USO DAS TIC PARA O DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS.

<i>XUSTIFICACIÓN</i>	<i>Necesidade de avanzar na utilización das TIC para enriquecer o currículo das áreas e para a atención das NEAE.</i>
<i>DESCRICIÓN</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Traballar os contidos propostos nas programacións utilizando o equipamento TIC das Aulas de Informática, da Aula Ordinaria ou das Aulas que imparten especialidades. • Facilitar o acceso a esta ferramenta ao alumnado con necesidades educativas especiais e nas tarefas de apoio e reforzo da súa aprendizaxe.
<i>FINALIDADE</i>	<i>Favorecer a implantación das novas metodoloxías e recursos para a aprendizaxe.</i>
<i>DESTINATARIOS</i>	<i>Alumnado do centro.</i>
<i>RESPONSABLES</i>	<i>Profesorado en xeral, coordinador TIC e Equipo Directivo.</i>
<i>TEMPORALIZACIÓN</i>	<i>Todo o curso.</i>
<i>SEGUIMIENTO e REVISIÓN</i>	<i>Anual.</i>
<i>RECURSOS</i>	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Ordenadores e demais material multimedia.</i> • <i>Cursos de formación para o profesorado.</i>

4. CONSOLIDAR O PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

<i>XUSTIFICACIÓN</i>	<i>Necesidade de que a acción titorial estea mergullada en todas as actuacións da aula e do Centro.</i>
<i>DESCRICIÓN</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Seguimento individual do alumno/a: observación, aplicación de programas de habilidades sociais e

	<p>educación emocional...</p> <ul style="list-style-type: none"> • Seguimento grupal: sesións de avaliación, reunións co profesorado especialista, orientadora, ... • Colaboración coas familias: Reunións xerais ao comezo do curso; entrevistas individuais os MARTES para intercambio de información sobre situación familiar, relacións afectivas, actitudes na casa, ...; información trimestral sobre o proceso de aprendizaxe, ... • Os titores estimarán o tempo semanal para desenvolver programas de habilidades sociais e emocionais, ...
FINALIDADE	<i>Favorecer a comunicación, colaboración e implicación das familias e a participación activa do alumnado.</i>
DESTINATARIOS	<i>Alumnado do centro</i>
RESPONSABLES	<i>Profesorado en Xeral, Xefa do Dpmt. Orientación e familias.</i>
TEMPORALIZACIÓN	<i>Mentres dure a medida.</i>
SEGUIMIENTO e REVISIÓN	<i>Seguimento trimestral e revisión anual.</i>
RECURSOS	<i>Recursos materiais e espazos adecuados.</i>

5. IMPULSAR O PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIOEMOCIONAIS

XUSTIFICACIÓN	<i>Necesidade de favorecer o desenvolvemento integral do alumnado.</i>
DESCRIPCIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Traballar as habilidades sociais durante o horario lectivo por medio de dinámicas de grupo, fichas explicativas, ... e implicar ás familias na realización dalgunha destas actividades na casa. • Aplicación das medidas e actuación destinadas á mellora da convivencia deseñadas no Plan de Convivencia do Centro.

<i>FINALIDADE</i>	<i>Que o alumnado aprenda a desenvolver habilidades sociais adecuadas.</i>
<i>DESTINATARIOS</i>	<i>Alumnado do centro.</i>
<i>RESPONSABLES</i>	<i>Orientadora, titores, profesorado en xeral e nais/pais.</i>
<i>TEMPORALIZACIÓN</i>	<i>Todo o curso.</i>
<i>SEGUIMIENTO e REVISIÓN</i>	<i>Seguimento trimestral e revisión anual.</i>
<i>RECURSOS</i>	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Recursos materiais e humanos.</i> • <i>Programa</i>

6. REFORZOS EDUCATIVOS

<i>XUSTIFICACIÓN</i>	<i>Necesidade de compensar, previr e facilitar a superación de dificultades que presenta o alumnado.</i>
<i>DESCRIPCIÓN</i>	<ul style="list-style-type: none"> • <i>O profesorado con dispoñibilidade horaria realizará apoios nas aulas priorizándose a súa actuación na áreas instrumentais.</i>
<i>FINALIDADE</i>	<i>Favorecer unha atención máis individualizada ao alumnado.</i>
<i>DESTINATARIOS</i>	<i>Alumnado do centro.</i>
<i>RESPONSABLES</i>	<i>Equipo docente e Departamento de Orientación.</i>
<i>TEMPORALIZACIÓN</i>	<i>Todo o curso.</i>
<i>SEGUIMIENTO e REVISIÓN</i>	<i>Seguimento trimestral e revisión anual.</i>

RECURSOS*Recursos materiais, humanos e tecnolóxicos.***MEDIDAS DE ATENCIÓN EDUCATIVA DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO****1. APOIO DO PROFESORADO DE A.L. E P.T.**

XUSTIFICACIÓN	<i>Necesidade de compensar, previr e facilitar a superación de dificultades que presenta o alumnado.</i>
DESCRICIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Priorizarase a detección de alumnado con NEAE que requiran a intervención específica do profesorado especialista en PT e AL.
FINALIDADE	<i>Favorecer unha atención máis individualizada ao alumnado.</i>
DESTINATARIOS	<i>Alumnado do centro.</i>
RESPONSABLES	<i>Orientadora, PT e A.L</i>
TEMPORALIZACIÓN	<i>O necesario.</i>
SEGUIMIENTO e REVISIÓN	<i>Seguimento trimestral e revisión anual.</i>
RECURSOS	<i>Recursos materiais, humanos e tecnolóxicos.</i>

2. ADAPTACIÓNS CURRICULARES

XUSTIFICACIÓN	<i>Informe psicopedagógico (D229/211 e Orde do 6 de Outubro de 1995)</i>
DESCRICIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Modificación dos elementos prescriptivos do curriculum ordinario

<i>FINALIDADE</i>	<i>Desenvolver ao máximo as capacidades e competencias clave do alumno/a.</i>
<i>DESTINATARIOS</i>	<i>Alumnado do centro con NEAE</i>
<i>RESPONSABLES</i>	<i>Orientadora, PT , A.L, especialista da área ou áreas adaptadas, equipo directivo, inspección educativa e xefatura territorial.</i>
<i>TEMPORALIZACIÓN</i>	<i>Todo o curso.</i>
<i>SEGUIMENTO e REVISIÓN</i>	<i>Seguimento trimestral e revisión anual.</i>
<i>RECURSOS</i>	<i>Recursos materiais, humanos e tecnolóxicos.</i>

3. FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERIODO DE ESCOALRIZACIÓN

<i>XUSTIFICACIÓN</i>	<i>Criterios de promoción, acta de avaliación (Decreto 229/2011, Orde do 28 de outubro de 1996 , Orde do 27 de decembro do 2007 e Orde do 28 de outubro de 1996)</i>
<i>DESCRICIÓN</i>	<i>Permanencia dun ano máis no nivel, ou adianto de nivel correspondente por idade.</i>
<i>FINALIDADE</i>	<i>Desenvolver ao máximo as capacidades e competencias clave do alumno/a.</i>
<i>DESTINATARIOS</i>	<i>Alumnado do centro con NEAE</i>
<i>RESPONSABLES</i>	<i>Titor/a, equipo docente, equipo directivo, inspección educativa e xefatura territorial.</i>
<i>TEMPORALIZACIÓN</i>	<i>Final de curso.</i>

<i>SEGUIMIENTO e REVISIÓN</i>	<i>O longo do curso</i>
<i>RECURSOS</i>	<i>Recursos materiais, humanos e tecnolóxicos.</i>

6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro

NO PROPIO CENTRO:

Titor/a e equipo docente:

- Realizar a avaliación inicial a comezos de cada curso, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ás características do alumnado.
- Facer un seguimento xeral dos procesos de ensino- aprendizaxe do alumnado para detectar as dificultades e as necesidades educativas coa finalidade de artellar respostas educativas coherentes e, demandar, no seu caso, os oportunos asesoramentos, reforzos e apoios.
- Coordinar co xefe/a do departamento de orientación a intervención educativa dos alumnos/as que presenten necesidades específicas de apoio educativo.
- Coordinar cos demais profesores do grupo o axuste dos programas, especialmente no referente ás respostas educativas ante as necesidades máis específicas de reforzo e apoio.
- Promover un contexto de colaboración coa familia, intercambiando información relevante que afecte á educación dos seus fillos.

Profesorado de apoio: (PT e/ou AL):

- Participar na avaliación do alumnado que acceda á educación obrigatoria e, cando cumpra, naquelas sesión de avaliación que afecten ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Colaborar, xunto coa xefa do departamento de orientación e o titor do alumno/a, na organización da atención do alumnado con NEAE. Prestarlle atención docente directa ao alumnado con informe psicopedagóxico segundo o establecido no informe da orientadora do centro.
- Axudar ao profesor/titor e/ou de materia na identificación de posibles necesidades educativas do seu grupo. Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares, así como das

medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas outras dirixidas á atención á diversidade.

- Colaborar na metodoloxía e avaliación a seguir co alumnado con dificultades.
- Participar na elaboración de material para traballar co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Participar, de ser necesario, co titor/a nas reunións coas familias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Orientador/a:

- Establecer a proposta de organización de atención ao alumnado por parte do profesorado especialista, coa participación do profesorado titor do alumnado e do propio profesorado de pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe.
- Asesorar ao equipo directivo sobre as medidas de atención á diversidade.
- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Asesorar aos departamentos didácticos e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Realizar a avaliación psicopedagóxica daquel alumnado que fose derivado polo profesorado e/ou nais, pais ou titores e titoras legais; así como o correspondente informe psicopedagóxico.
- Diseñar e elaborar os protocolos de demanda de avaliación psicopedagóxica, e dalos a coñecer á comunidade educativa.
- Elaborar o correspondente ditame de escolarización para aqueles casos onde se requira unha modalidade diferente e/ou recursos extraordinarios.
- Coordinar as actuacións levadas a cabo polo profesorado do centro así como dos profesionais de fóra do centro que interveñan na atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Equipo directivo:

- Dispoñer e pór en marcha as medidas de atención á diversidade adecuadas ás necesidades detectadas e aos recursos dispoñibles.
- Coordinar todas as actuacións previstas, xunto co resto do profesorado, tendo en conta o establecido na proposta de concreción anual do plan xeral de atención á diversidade.

EXTERNOS AO CENTRO:

O centro coordinarase con outros servizos externos (Servizos Sociais, Sanitarios, de orientación e atención psicopedagóxica...) cos que colabora e se coordina. Nos casos do alumnado que estea sendo atendido por profesionais externos ao centro (servizos sanitarios, gabinetes psicolóxicos, ...) estableceranse os contactos necesarios para intercambiar información relevante e fixar estratexias de actuación conxuntas que redunden na mellora da resposta educativa do alumnado, previa autorización das nais, pais e titores e titoras legais.

7. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición

No ámbito de atención á diversidade é fundamental a coordinación e colaboración de toda a comunidade educativa, que se desenvolverá principalmente a través de:

- A Comisión de Coordinación Pedagóxica que marcará as pautas de actuación deste plan, e se reunirá, alúmenos unha vez ao trimestre.
- A coordinación entre o profesorado e o titor/a do grupo, responsable este último da mediación do alumnado cos demais membros da comunidade educativa. O intercambio de información entre estes axentes debe ser fluído e facilitador.
- A coordinación entre o profesorado titor e o departamento de orientación, aportando este último o asesoramento necesario para facilitar o desenvolvemento do proceso de ensino- aprendizaxe.
- A coordinación do profesorado especialista en pedagogía terapéutica/audición e linguaxe co profesorado titor e o resto de profesorado, facendo e posibilitando que as actuacións levadas a cabo dende a aula de apoio teñan a súa continuidade no grupo ordinario.
- A coordinación do centro, de ser o caso, cos centros adscritos, levada principalmente a través da coordinación dos departamentos de orientación que, cando menos, con carácter trimestral reúnen para intercambiar información.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

As actuacións a desenvolver dende o departamento de orientación cos centros adscritos, de ser o caso, serán basicamente de coordinación. Entre estas pódense considerar:

- Traballo na determinación dunha canle de comunicación fluída entre os centros.
- Revisión de documentos relativos á información do alumnado que se incorpora ao novo centro, así como o establecemento de obxectivos mínimos e competencias básicas, que faciliten a transición entre as etapas.
- Colaboración na orientación académica ás familias e ao alumnado que se incorporará ao novo centro no vindeiro curso, e participación nas actividades do programa de transición a unha nova etapa educativa.

- Recollida de información sobre o alumnado que se incorporará ao noso centro a fin de prever a atención educativa máis adecuada para estes alumnos/as.
- Participar nas actuacións dirixidas á prevención de dificultades na adquisición e desenvolvemento de aprendizaxes básicos instrumentais e desenvolvemento de condutas emocionais.
- Intercambiar información sobre as medidas de atención á diversidade, revisando a coherencia e continuidade entre as etapas educativas.
- Coordinar e priorizar o estreitamento das comunicacións escola e familia, fundamentalmente nas primeiras etapas educativas, como medida de prevención e detección de dificultades.
- Impulsar e facilitar o tránsito do alumnado correspondente a unha nova etapa e centro educativo.

Así mesmo, o departamento de orientación pode planificar e desenvolver actuacións conxuntas con outros centros da zona, dirixidas ao: seguimento da traxectoria escolar do alumnado de procedencia, medidas de atención á diversidade que pon en marcha o centro receptor, documentos de recollida de información, actividades e saídas conxuntas co alumnado con necesidades educativas especiais, celebración do Día Internacional da Diversidade Funcional, colaboración no desenvolvemento de actividades, charlas ... de carácter transversal, e colaboración por parte do propio centro na organización de charlas informativas e visitas dirixidas ao alumnado destes centros.

8. Canles de coordinación internas e externas

- **Coordinación entre mestres titores, mestres de área, PT, AL e Xefa do Departamento de Orientación:**
 - Reunións no Departamento de Orientación.
 - Comisión de Coordinación Pedagóxica.
 - Reunións de Claustro.
 - Reunións de Avaliación.
 - Reunións de Equipos Docentes.
- **Coordinación coas familias:**
 - Mediante reunións periódicas co mestre/a titor/a.
 - Reunións coa Orientadora.
 - Informes escritos.
 - Chamadas telefónicas.
 - A través da dirección do centro.
 - Notas nas axendas dos nenos ou nenas.
- Coordinación co CRA: Mediante a planificación da transición da Etapa de Infantil á Ed. Primaria deseñada no Departamento de Orientación.
- Reunións coas titoras.
- Visitas programadas ao Centro Educativo.
- **Coordinación co CPI do TOURAL, como centro ao que está adscrito o CEP Plurilingüe**

- Mediante a planificación da transición da Etapa de Ed. Primaria á ESO deseñada no Departamento de Orientación.
- Reunións coa Xefa do Departamento de Orientación.
- Informes escritos.
- Visitas programadas ao centro.
- **Coordinación cos servizos externos á escola:**
 - **EOE: a través do Departamento de Orientación e da Xefatura de Estudos:**
 - A orientadora/director demanda por escrito os servizos do EOE a través dun informe que deberá remitir ao servizo de inspección correspondente.
 - Información por vía telefónica para asesoramento de probas, estratexias, recursos metodolóxicos, materiais, ...
 - **CFR** Coordinación e seguimento non proxectos de formación
 - **Unidade de Saúde Mental, a través do Departamento de Orientación:**
 - Mediante chamadas telefónicas.
 - Mediante envío de informes sobre a situación escolar do neno ou nena.
 - **Servizos sociais da mancomunidade:**
 - Mediante reunións .
 - Chamadas telefónicas.
 - Informes escritos.
 - **Distintas asociacións, gabinetes psicolóxicos, ... a través do DO:**
 - Chamadas telefónicas.
 - Informes escritos.
 - Reunións concertadas.

9. Seguimento e avaliación do PAD

- Inicial ou de Contexto: permite coñecer a realidade educativa e as necesidades do contexto e tomar decisións de planificación e programación para determinar os obxectivos do plan e concretar axentes participantes e actuacións. Serven como referentes os informes e memorias de cursos anteriores, a análise dos documentos de centro e do propio alumnado, as propostas do profesorado e titores, do Equipo Directivo, as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e aportacións doutros axentes externos (sociais, sanitarios, familias...)

- Formativa ou de Proceso: permite tomar decisións conxuntas sobre o desenvolvemento do plan para valorar a marcha e introducir, se é necesario, melloras ou modificacións.

- Sumativa ou Final: A finalidade é medir o alcance dos obxectivos propostos e a coherencia, funcionalidade ou aplicabilidade no seu conxunto e as posibles modificacións para conseguir unha mellora. Permite, a través dunha valoración conxunta por parte dos

participantes, tomar decisións respecto á continuación, modificación, ampliación ou propostas de mellora

Farase o seguimento do presente Plan nas seguintes ocasións:

- ❖ Como regra xeral, o plan será revisado ao comezo de cada curso escolar. Dita revisión terá en conta os resultados do seguimento e as conclusión da avaliación.
- ❖ Cando se incorporen novos alumnos/as con NEAE que aconsellen cambios organizativos ou curriculares.
- ❖ Cando os resultados non sexan os esperados e haxa que sinalar novos obxectivos.

Os axentes implicados na avaliación son os titores/as a través das reunións dos equipos diversos de coordinación de cada nivel e das do Departamento de Orientación. **A Comisión de Coordinación Pedagóxica supervisará a revisión do PAD e elevará ao Claustro de Profesores as conclusións. O Claustro aprobará as modificacións correspondentes e o PAD pasará a formar parte do Proxecto Educativo do Centro.**

Á hora de avaliar o PAD pódense ter en conta unha serie de indicadores que parten dos obxectivos propostos:

- Identificación temperá e priorización de necesidades.
- Facilita unha resposta educativa adaptada a todos os alumnos matriculados no centro.
- Cumpre a nova lexislación vixente .
- É o suficientemente flexible para permitir novos cambios na atención ao alumnado con NEAE.
- As medidas propostas son as máis adecuadas ás necesidades formuladas.
- A coordinación entre todos os membros da comunidade educativa é positiva, así como o contacto cos recursos externos ao centro.
- As canles de colaboración son adecuadas.
- Nivel de optimización e adecuación de recursos.

As propostas e conclusións dos diferentes membros da comunidade educativa e de tódolos implicados, serán concretadas pola xefatura do departamento na Memoria Anual e formará parte do Plan de Mellora do Centro. O equipo directivo, responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación deste Plan, ao comezo de cada curso escolar, incorporará a concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade (elaborada polo departamento de Orientación) á programación xeral anual, e velará polo seu cumprimento, avaliación e memoria.

9. Actualización do PAD do curso 2016/17

Necesidades educativas características alumnado.

O curso 2016/17 escolarízanse un total de 134 Alumnos e alumnas.

Alumnado de nova incorporación:

O grupo de 1º co 20 alumnos e alumnas. 18 Procedentes do CRA de Vilaboa, unha alumna dun centro de Vigo, neste grupo inclúese unha alumna que permanece un ano máis no 1º nivel. Feita a Avaliación inicial acordamos facer intervencións de carácter preventivo e de reforzo. Contando coas intervencións das mestras especialistas en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe. Así mesmo, un profesor do equipo tics asistirá ao grupo semanalmente.

En 2º un alumno de nova incorporación. Neste nivel intervirán así mesmo as mestras especialistas en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, e está previsto facer flexibilizar grupos para garantir a personalización do proceso de ensino-aprendizaxe.

En 3º un alumno de nova incorporación. Nos dous grupos de 3º, intervén a mestra especialista en pedagogía terapéutica dada a existencia de necesidades educativas avaliadas.

En 4º un alumno de nova incorporación. Intervén a mestra especialista en pedagogía terapéutica apoiando nas áreas instrumentais ao alumnado valorado polo Departamento de Orientación

En 5º sen incorporación de novo alumnado. Intervén a especialista en pedagogía terapéutica apoiando a alumnado valorado polo departamento de Orientación.

En 6º, este curso fixéronse novos agrupamentos coa intención de lograr un equilibrio na distribución do alumnado. Priorízase a coordinación entre ámbalas dúas titorías, adoptando medidas de carácter organizativo á hora de impartir as áreas curriculares os mesmos docentes nos dous grupos. Así mesmo interveñen as mestras especialistas en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe dada a presenza de alumnado valorado con necesidades específicas de apoio educativo.

Profesionais implicados apoio tics, apoio proxectos

Todo o equipo docente . **Cada titor ou especialista deseñará un plan de reforzo, con axuda do departamento de orientación, para aqueles alumnos que non teñan avaliación positiva nalgunha materia ou necesiten reaxustes metodolóxicos .**

As liñas de actuación para a coordinación pedagóxica estableceranse en CCP, Departamento de Orientación e nas reunións de Equipos docentes agrupados en dou ciclos, integrando o primeiro os cursos de 1º de EP, 2º de EP e 3º de EP; e o segundo ciclo, os cursos de 4º de EP, 5º de EP e 6º de EP.

Dentro do horario o profesorado dedicará o tempo para reunións cos membros do Departamento de Orientación e planificación dos reforzos do alumnado.

O equipo directivo dedicará igualmente tempo dentro do seu horario para a coordinación co departamento de orientación e facer así máis efectivas as medidas pedagóxicas de apoio ao alumnado , profesorado e pais do alumnado do centro.

A orientadora será a responsable da coordinación cos servizos externos ao centro, servizos sociais, servizos de saúde, gabinetes de intervención psicopedagóxica, etc.

Medidas de seguimento e avaliación

Avaliación continua e formativa para a toma de decisión có acompañamento do Departamento de Orientación. Na implementación do Plan de Acción Titorial, no que se recollen as actuacións previstas á realizar co alumnado, profesorado e familias, como primeiro nivel de orientación.

Xuntas de Avaliación inicial en outubro e trimestrais.

As orientacións de atención á diversidade estarán presentes en todas as decisión organizativas e pedagóxicas do centro. Incluindo propostas de tipo preventivo, proactivo e reparador cando sexa necesario , o que implicará a planificación e deseño de actuacións concretas contempladas nas programacións de aula, e nas propostas dos distintos equipos do centro, como o da biblioteca, convivencia, Til, Tics, Eace, EDLG.

Todas as medidas deseñadas e postas en práctica respectaran o s principios fundamentais e liñas de actuación do PEC e do Plan de Atención á Diversidade .

10. Anexos

Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.

- Ficha de observación inicial.
- Folla de rexistro da entrevista cos pais ou titores legais.
- Informe psicopedagóxico.
- Folla de derivación ao Departamento de Orientación.
- Protocolo de intervención e derivación ante sospeita de TDAH
- Autorizacións das familias para intercambio de información con servizos externos.
- Folla de Rexistro de reforzos e apoios.
- Outros.
- Actualización



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEP Plurilingüe de Riomaioir

Riomaioir, 17-36.141 (VILABOA). Tlfno e Fax: 986.672.434

E-mail: cep.riomaioir@edu.xunta.es Web: www.edu.xunta.es/centros/cepriomaioir

FOLLA de DERIVACIÓN PARA O DMTO. ORIENTACIÓN

ALUMNO/A IDADE.....
CURSO DATA DO REXISTRO
PROFESOR/A QUE FAI O REXISTRO

1. MOTIVO DA DEMANDA:

.....
.....
.....

2. ACTITUDE DO ALUMNO/ACTITUDE E COLABORACIÓN DA FAMILIA:

.....
.....
.....
.....

3. MEDIDAS TOMADAS ATA ESTE MOMENTO:

.....
.....
.....

4. REVISIÓN DO EXPEDIENTE ACADÉMICO (Sinalar datos relevantes como Medidas de Reforzo, ACI, áreas nas que ten dificultade, repetición de curso, etc.)

.....
.....
.....

5. DATOS FACILITADOS POR OUTROS PROFESORES (Titor/a do curso anterior, profesores doutras áreas, ...):

.....
.....
.....
.....

6. OUTROS DATOS QUE SE QUEIRAN FACER CONSTAR:

.....
.....



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEP Plurilingüe de Riomaioir

Riomaioir, 17-36.141 (VILABOA). Tlfno e Fax: 986.672.434

E-mail: cep.riomaioir@edu.xunta.es **Web:** www.edu.xunta.es/centros/cepriomaioir



REXISTRO DA ENTREVISTA COS PAIS/NAIS

ALUMNO/A:..... NIVEL:.....

ENTREVISTA SOLICITADA POR..... DATA:.....

ASISTENTES:

1. MOTIVO DA ENTREVISTA:

2. ASPECTOS TRATADOS:

a.

b.

c.

3. CONCLUSIÓNS E COMPROMISOS:



PROCESO DE INTERVENCIÓN E DERIVACIÓN ANTE SOSPEITA DE TDAH

CEP Plurilingüe de Riomaioir

Riomaioir, 17-36.141 (VILABOA). Tfno e Fax: 986.672.434

E-mail: cep.riomaioir@edu.xunta.es **Web:** www.edu.xunta.es/centros/cepriomaioir

1. DATOS DO ALUMNO/A

Nome e apelidos:		Data de nacemento:
Teléfono contacto:	Autorización familiar para	00/00/2000
compartir datos <input type="checkbox"/>		Nivel educativo:

2. MOTIVO DA DERIVACIÓN

Sospeita ►	<input type="checkbox"/> → TDAH	<input type="checkbox"/> → Comorbilidade
DEMANDA EFECTUADA POR		
<input type="checkbox"/> CENTRO EDUCATIVO	<input type="checkbox"/> FAMILIA	<input type="checkbox"/> PEDIATRÍA
RASGO SOBRESAÍNTE DO COMPORTAMENTO DO MENOR SOBRE O QUE SE SOLICITA CONSULTA/INTERVENCIÓN		
<input type="checkbox"/> → Déficit atención <input type="checkbox"/> → Impulsividade <input type="checkbox"/> → Hiperactividade <input type="checkbox"/> → Interferencia social	<input type="checkbox"/> → Déficit atención <input type="checkbox"/> → Impulsividade <input type="checkbox"/> → Hiperactividade <input type="checkbox"/> → Interferencia social	<input type="checkbox"/> → Déficit atención <input type="checkbox"/> → Impulsividade <input type="checkbox"/> → Hiperactividade <input type="checkbox"/> → Interferencia social

3. INTERVENCIÓNS REALIZADAS NO CEP Plurilingüe de RIOMAIOR - ORIENTADORA: M^a Luz Lorenzo Rodríguez

Entrevista familiar:	<input type="checkbox"/> → Nai	<input type="checkbox"/> → Pai	<input type="checkbox"/> → Titor/a legal	Data: 00/00/20__
----------------------	--------------------------------	--------------------------------	--	---------------------



Entrevista profesor/a titor/a	<input type="checkbox"/> → Nome:		Data: 00/00/20__
Exploración psicométrica	<input type="checkbox"/> → RAVEN	<input type="checkbox"/> → WISC-R	<input type="checkbox"/> → OUTROS
Screening (SNAP-IV)	Σ TDAH-Inatención=	Σ TDAH-Hiper./Impul.=	Data: 00/00/20__

4. SÍNTESI DA AVALIACIÓN PREVIA (Apreciación)

SÍNTOMAS PRIMARIOS	SÍNTOMAS ASOCIADOS
<input type="checkbox"/> → Déficit de atención <input type="checkbox"/> → Hiperactividade <input type="checkbox"/> → Impulsividade	<input type="checkbox"/> → Problemas de conduta <input type="checkbox"/> → Déficit de aprendizaxe <input type="checkbox"/> → Problemas de relación <input type="checkbox"/> → Baixo nivel de autoestima <input type="checkbox"/> → Alteracións emocionais

5. COORDINACIÓN (PARTICIPACIÓN) DOUTROS SERVIZOS

EDUCACIÓN	EXTERNOS

<input type="checkbox"/> → Inspección Educativa <input type="checkbox"/> → Equipo Orientación Específico	<input type="checkbox"/> → Pediatría <input type="checkbox"/> → SS.SS. do Concello Vilaboia <input type="checkbox"/> → Gabinete psicopedagogía
---	--

6. DIAGNÓSTICO MÉDICO (Atención Primaria) - PEDIATRA: (NOME)→

CONFIRMACIÓN: <input type="checkbox"/> →TDAH	<input type="checkbox"/> →TDA	<input type="checkbox"/> OUTROS	TRASTORNOS	E/OU	PROBLEMAS
--	-------------------------------	---------------------------------	------------	------	-----------



→TH	ASOCIADOS	
TRATAMIENTO ▼	<input type="checkbox"/> → Médicos <input type="checkbox"/> → Neurolóxicos <input type="checkbox"/> Psiquiátricos/psicolóxicos <input type="checkbox"/> → Sociais	<input type="checkbox"/> →DERIVACIÓN
<input type="checkbox"/> → Tratamento farmacolóxico: _____ <input type="checkbox"/> → Orientación: familiares/profesorado/alumno(a) <input type="checkbox"/> → Apoio psicopedagóxico <input type="checkbox"/> → Tratamento psicolóxico (individual/familiar/grupal)		→ ▼

7. SEGUIMIENTO	
DATAS	COMENTARIOS / APRECIACIÓN
___/___/_201_	
—	
___/___/_201_	
—	

DOCUMENTO DE AUTORIZACIÓN FAMILIAR PARA A COORDINACIÓN ENTRE SERVICIOS

<u>Asunto:</u>	<u>Referencia:</u>
<u>Autorización familiar</u>	<u>Data:</u>

Destinatario:

En relación ao proceso de avaliación que se está desenvolvendo sobre o meu fillo/a ou titorado/a para atender as súas necesidades educativas,

Dona / Dona



--

Como nai, pai ou tit^u/a legal do alumno/a:

--

Matriculado/a CEP Plurilingüe de RIOMAIOR en:

ETAPA:	CURSO:	GRUPO:
--------	--------	--------

Dou o meu CONSENTIMENTO para que o Equipo Docente e o Departamento de Orientación do Centro compartan información cos pertinentes servizos sanitarios e/ou de apoio psicopedagóxico externos, a fin de coordinar as actuacións que se decidan e sobre as que vostede (s) estará(n) puntualmente informados.

Neste senso, confirmo (SI - NON) que o pai/nai do/a menor está informado/a dese proceso, ao que tamén presta o seu consentimento.

A nai/pai/titor/a legal

En Vilaboa, a de de 201

OBSERVACIÓNS



Este Plan de Atención á Diversidade foi aprobado polo Claustro de Profesores na súa reunión do 13 de outubro de 2015.

Riomaior (Vilaboa), a13 de outubro de 2015

Data de elaboración: 13/05/2014

Data de revisión: 08/10/2015

Data actualización 11/10/16